

EN MODO CONVERSA

## ALICIA FRAMIS E FÉLIX FERNÁNDEZ

Arte, acción, activismo, feminismo. A arte contemporánea como ferramenta de denuncia social en prol da igualdade

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

18 de setembro de 2019, ás 17:30 horas



Pode ser a arte un berro reivindicativo de denuncia social? Pode unha acción artística poñer o foco sobre a desigualdade, a brecha salarial, o teito de cristal ou a violencia patriarcal? Pode un proxecto artístico provocar a empatía e a alteridade no público para mobilizar consciencias e propiciar unha actitude crítica? Pode unha performance facernos reflexionar sobre as novas e diversas masculinidades nun mundo dominado polo home heterosexual branco?

A Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega propón un diálogo coa artista Alicia Framis (1967, Barcelona, residente en Amsterdam, Países Baixos) e co artista Félix Fernández (1977, Viveiro, Lugo) a través da análise de diversos proxectos artísticos multidisciplinares que poñen o foco sobre cuestións de xénero, a desigualdade e a violencia, tanto nos eidos profesional e social coma no ámbito privado.

Neste diálogo percorrерemos con Alicia e Félix a súa traxectoria a través de temas e obras clave, achegándonos a dúas recoñecidas carreiras nacionais e internacionais, traballando sempre de forma crítica en prol da igualdade e dos dereitos humanos no seu labor artístico. Coñeceremos as súas opinións e reflexións sobre diferentes cuestións relacionadas co papel na sociedade do e da artista contemporánea e as diferentes dificultades atopadas por cuestións de xénero, o carácter crítico e social de moitos dos seus proxectos, poñendo de relevo multitude de conflitos que teñen que ver co xénero, coa raza, coa diversidade sexual, coa pobreza, coa comunicación, coa relación entre as persoas nun mundo globalizado e tecnolóxico etc.

A conversa será conducida por Paula Cabaleiro, comisaria e xestora cultural, con ampla experiencia no eido da igualdade, que traballou con ambos os artistas en diferentes ocasións.

Imaxe da portada: Félix Fernández, "Subtextos de un mantenimiento" (proxecto 2015-2019)

## PROGRAMA

17:30 horas  
Presentación

17:45 horas  
Conversa

**Alicia Framis e Félix Fernández**  
Modera: **Paula Cabaleiro**

19:15 horas  
Debate

**Alicia Framis** (Barcelona, 1967, residente en Amsterdam, Países Baixos) é unha artista multidisciplinar cuxa práctica combina arquitectura, deseño, moda e performance. O seu traballo constitúese por proxectos baseados e enfocados en diferentes aspectos da existencia humana dentro da sociedade urbana contemporánea. Framis parte a miúdo de dilemas sociais reais para propoñer contornas novas e posibles solucións. Desenvolve plataformas para a interacción social creativa, con frecuencia a través de colaboracións interdisciplinares con outros artistas e especialistas en diversos ámbitos. Actualmente é a directora dun programa de máster no Instituto Sandberg en Amsterdam (MA program at the Sandberg Institute in Amsterdam).

Framis representou aos Países Baixos no Pavillón Holandés na 50a Bienal de Venecia (2003). Ten obra permanente en Nova York (obra escultórica), no Atomium de Bruxelas (obra arquitectónica) ou Shanghai (arte e obra arquitectónica), entre outros lugares. O seu traballo foi presentado na 2ª Bienal de Berlín (2001), en Performa 09 New York (2009) ou na Manifesta 2 Luxemburg (1998). A súa obra foi incluída tamén en numerosas coleccións permanentes, como as de FRAC Lorraine (Francia), a do Museo Migros für Gegenwartkunst (Suíza), a do Museo Boijmans van Beuningen (Países Baixos), a do MUSAC de Castela e León (España) ou a do Stedelijk Museum Amsterdam (Países Baixos), entre outros.

Entre as súas últimas exposicións e proxectos individuais podemos destacar: "Pabellón de género", en Sala Alcalá 31 (2018); "Forbidden Collections", en Upstream Gallery, Amsterdam, Países Baixos (2018); "Lenguajes invisibles", en Galería Juana de Aizpuru, Madrid (2018) e en Kunsthalle Nürnberg, Alemaña (2017); "Statements", en Stedelijk Museum Amsterdam, Países Baixos (2017); "Land Project", Rirkrit Tiravanija, Chiang Mai, Thailand (2017); "Everyday Sunshine", Horrach Moya Gallery,

Mallorca (2016); "I'm in the wrong place to be real, 3bisf", en Aix-en-Provence, Francia (2015); "Framis in Progress", MUSAC, León (2014); "Forbidden Rooms", en Annet Gelink Gallery, Amsterdam, Países Baixos (2014); "Framis in Progress", en CC Brugge, Bélxica (2014); "Chambre des livres Interdites", en Picasso Museum, Niza, Francia (2014); "Framis in Progress", en Galerie im Taxispalais, Innsbruck, Austria (2013); "Framis in Progress", en Museum Arnhem, Países Baixos (2013); "Cinema Solo", en La Frac Haute-Normandie, Rouen, Francia (2012); "Daily Future", en Kunstzone Rabobank Utrecht, Países Baixos (2012); "Apuntes sobre el cielo", Sala de Exposicións da Deputación de Huesca (2011); "New Buildings for China", en Instituto Cervantes, Beijing, China (2009); "Guantánamo Museum", en Centre d'Art Santa Mónica, Barcelona (2008); "Spain Not for Sale" (performance), en Madrid Abierto, Madrid, Spain (2008) etc.

**Félix Fernández** (Viveiro, Lugo, 1977) é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Formouse paralelamente en danza contemporánea e performance con Marina Abramovic, Johannes Deimling, Elena Córdoba e Esther Ferrer, entre outros. Concedéronlle múltiples premios e bolsas, entre os que destacan a Bolsa de residencia Azala (Gasteiz, Euskadi, 2017), o Premio Encontro de Artistas Novos da Cidade da Cultura (2014), a Bolsa de residencia Addaya Centre d'Art Contemporani (Palma de Mallorca, 2014), a Bolsa de residencia no MAC Gas Natural Fenosa da Coruña (2012), o Premio videoarte Festival Rendibú (Murcia, 2012), o Premio Metrópolis no Festival VAD de Girona (2011) ou a Bolsa Gas Natural Fenosa de Artes Plásticas, estadias en Nova York e Berlín (2009-2010).

Entre as súas últimas exposicións individuais sobresaen "Kontaktaufnahme" en Charlotte 13 Gallery (Leipzig, Alemaña, 2016), "ROOM4" en Centro Cultural de España (Montevideo, Uruguai, 2015), "Retratos distópicos" en Galería El Museo (Bogotá, Colombia, 2014), "Visiones Contemporáneas: Félix Fernández" en DA2 Domus Artium (Salamanca, 2013), "Fricción" en Galería ASM28 (Madrid, 2012) ou "Crossed Lines" en MAC Gas Natural Fenosa (A Coruña, 2012). Tamén imparte obradoiros e workshops en museos, galerías e universidades, e participa como relator en números ciclos e xornadas de re. exión.

## **ORGANIZA**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **COORDINA**

Paula Cabaleiro

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

